



axencia de doazón de órganos e sangue

APellidos, nome

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABAJO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: PROMOTOR DADOAZÓN

PARTE ESPECÍFICA

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **180 minutos**.
- Este cuestionario consta de 100 preguntas máis 10 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 110.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

- SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.

- ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL



1. Cal é a porcentaxe de centros de transfusión que se serve da axuda de voluntariado para promover as sesións de doazón, segundo a enquisa DOMAINE?
- A) O 40 %.
 - B) O 75 %.
 - C) O 57 %.
 - D) A enquisa DOMAINE non reflicte este dato.
2. En relación coas auditorías externas de calidade:
- A) O seu obxectivo primordial é proporcionarlle á dirección da empresa información de interese para poder levar a cabo accións correctivas, preventivas ou de mellora.
 - B) Poden ser levadas a cabo por persoal propio da organización sempre que participe no proceso auditado e dispoña da cualificación de auditor.
 - C) Realízase unha organización externa, independente e autorizada co obxectivo primordial de obter unha certificación do sistema de xestión de calidade.
 - D) Realízase unha organización externa, independente e autorizada co obxectivo primordial de avaliar a necesidade de introducir cambios na actividade fabril da empresa ou organización.
3. A calidade das estradas, a dispoñibilidade de espazo arredor do vehículo e a subministración eléctrica son parámetros físicos que hai que ter en conta:
- A) Nas sesións móbiles.
 - B) Nos locais fixos.
 - C) Nos vehículos móbiles.
 - D) Nos centros de transfusión.
4. Nas técnicas comunicativas de escoita activa, unha paráfrase é:
- A) Un silencio positivo, producido polo medo, o rexeitamento ou unha molestia.
 - B) Un método xestual para obter resposta dun receptor en situacións de crise emocional.
 - C) A repetición non literal da mensaxe, co fin de que haxa unha mellor comprensión desta.
 - D) Unha figura retórica, que consiste en utilizar máis palabras das necesarias para expresar unha idea ou un concepto.
5. O artigo 10 de Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, que regula a verificación dos doadores, recolle que o sangue e os compoñentes sanguíneos utilizados con fins terapéuticos ou destinados á elaboración de produtos sanitarios deberán:
- A) Proceder de persoas que non sufrisen un episodio infecto-contaxioso nos últimos dous anos.
 - B) Proceder de persoas que non sufrisen un episodio infecto-contaxioso nos últimos tres anos.
 - C) Proceder de persoas que non sufrisen un episodio infecto-contaxioso nos últimos cinco anos.
 - D) Ningunha das opcións é correcta.

6. Unha muller cun nivel de hemoglobina en sangue de 120 g por litro:
- A) Pode doar sangue baixo a responsabilidade do médico, sempre que cumpra o resto dos requisitos.
 - B) Pode exercer como doadora sempre que a súa frecuencia de doazón sexa de, como máximo, dúas veces ao ano.
 - C) Pode doar sangue sen prexuízo do cumprimento do resto dos requisitos.
 - D) Non pode exercer como doadora.
7. A definición de "habilidades de comunicación" é:
- A) Habilidades básicas de transmisión de información oral e escrita.
 - B) Uso de expresións faciais, movementos e linguaxe corporal para a transmisión dun significado.
 - C) Capacidade para enviar, recibir, elaborar e emitir información, ideas, opinións e actitudes de primeira calidade e orientadas cara a obxectivos persoais e organizacionais.
 - D) Capacidade tanto para efectuar mensaxes orais que se utilizan con maior frecuencia e que teñen lugar en encontros persoais e conversacións telefónicas, como para efectuar mensaxes escritas, que se transmiten con diferentes modalidades.
8. Se alguén nos chama por teléfono dicindo que é o administrador do sistema e que necesita o noso contrasinal, está a utilizar:
- A) Enxeñería social.
 - B) Enxeñería de sistemas.
 - C) Enxeñería computacional.
 - D) Enxeñería civil.
9. Nas campañas informativas tamén se fomenta a doazón de medula ósea, que é:
- A) Un tecido nervioso próximo á medula espiñal.
 - B) Un tecido brando e xelatinoso que se atopa no interior oco de certos ósos.
 - C) Unha fracción da estrutura ósea do doador, que se rexenera metabolicamente tras a súa doazón.
 - D) Un derivado sanguíneo de rápida asimilación para os receptores.
10. Para a realización da selección de doadores, os centros de transfusión sanguínea deberán:
- A) Dispoñer de procedementos que garantan a avaliación dos doadores, o cumprimento dos criterios e requisitos relativos á súa idoneidade e o cribado do sangue doado.
 - B) Dispoñer de voluntariado para a avaliación dos doadores.
 - C) Garantir que a selección dos doadores cumpre os criterios e requisitos establecidos na normativa de saúde pública local.
 - D) Garantir que a selección dos doadores cumpre os criterios relativos á súa idoneidade e o cribado do sangue doado, de conformidade coa Directiva 2002/99/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xaneiro de 2002.

11. Nun equipo con Windows 7, ao premer o botón dereito do rato, xeralmente:
- A) Seleccionamos todo o parágrafo de texto onde esteamos situados.
 - B) Equivale a facer clic co botón central e utilízase só naqueles ordenadores que non dispoñen do botón central.
 - C) Desprega un menú contextual, cuxas opcións dependerán de onde fagamos clic.
 - D) Non ocorre nada, porque o botón dereito do rato non se utiliza nunca.
12. Existen tres tipos de transplantes de medula ósea: o autólogo, o aloxénico emparentado e o:
- A) Aloxénico medular.
 - B) Aloxénico non autólogo.
 - C) Aloxénico non emparentado.
 - D) Aloxénico óseo.
13. Cando, ao navegar por Internet, unha páxina me pide examinar o meu equipo en busca de virus, que fago?
- A) Permito que examine o meu equipo por se ten virus.
 - B) Descargo o programa e despois instálo.
 - C) Instálo, xa que son mellores dous antivirus ca un.
 - D) Non instalo nin executo nada, xa que pode ser perigoso.
14. Calquera organización acreditada nun sistema de xestión de calidade necesita facer auditorías internas de calidade:
- A) Para manter un aceptable nivel de alerta no persoal; desta forma redúcense os custos da "non calidade" asociados ás posibles negligencias que se puidesen cometer.
 - B) Para verificar que a produción se desenvolve, desde a óptica dos custos, da forma máis eficiente posible.
 - C) Para verificar que o sistema de calidade está implantado e cumpre continuamente cos requisitos requiridos.
 - D) Para verificar que o nivel de produto obtido garda unha razoable relación co volume de inputs empregados.
15. Nas charlas informativas dun centro de transfusión defínense os distintos tipos de doazón. Así, o resultado dunha "doazón frutífera" é:
- A) O resultado da extracción de sangue completo ou compoñentes do sangue dunha persoa nun único procedemento.
 - B) Unha doazón na que a punción da pel do doador produce sangue completo ou compoñentes sanguíneos adecuados para o seu procesamento.
 - C) A primeira doazón non autóloga feita por un doador en toda a súa vida.
 - D) Calquera doazón non autóloga que non sexa a primeira.
16. Un aspecto importante da doazón é a posibilidade de almacenamento das unidades recollidas, para o que é indispensable:
- A) Doadores.
 - B) Anticoagulantes.
 - C) Receptores.
 - D) Hospitais.

17. Cando se decide responder unha mensaxe de correo electrónico, as aplicacións adoitan cubrir automaticamente o campo asunto, precedendo o asunto da mensaxe orixinal:
- A) Coa cadea "Re".
 - B) Coa cadea "Rv".
 - C) Coa cadea "Fw".
 - D) Coa cadea "Fe".
18. En relación coa destreza do voluntariado para participar na xestión de doadores, sinale a resposta correcta:
- A) A Directiva 2002/98/CE2 non menciona nin especifica se os voluntarios que facilitan o traballo nos centros de transfusión deben ter cualificacións especiais.
 - B) Na práctica, non se esixe ningunha cualificación especial.
 - C) Recoméndase utilizar programas de formación especiais para voluntarios para coordinar as actividades destes e do persoal.
 - D) As tres respostas son correctas.
19. Para a realización de tarefas de voluntariado, o contrato de voluntariado é:
- A) Recomendable.
 - B) Obrigatorio.
 - C) Irrelevante.
 - D) Ao tratarse dun acto de voluntariado, non é posible establecer unha relación xurídica contractual.
20. Nos primeiros tempos, a demanda inicial de sangue caracterizábase por que:
- A) A demanda de compoñentes sanguíneos non era elevada.
 - B) Os doadores non eran suficientes.
 - C) As características dos doadores, salvo o grupo sanguíneo, non se tiñan en conta.
 - D) A e C con correctas.
21. Na práctica, os voluntarios que facilitan o traballo dos centros de transfusión:
- A) Deben dispoñer de formación en primeiros auxilios.
 - B) Non se lles esixe ningunha cualificación especial.
 - C) Deben ter habilidades de atención ao público.
 - D) Deben ser voluntarios da Cruz Vermella.
22. O desenvolvemento de estratexias de planificación e colectas adaptadas ás necesidades de compoñentes sanguíneos é unha tarefa:
- A) Dos hospitais.
 - B) Dos centros de transfusión.
 - C) Dos centros de saúde.
 - D) Do puntos de atención continuada.

23. Entre as características que deben ter os indicadores que miden os resultados dos procesos non está:

- A) O consenso: tanto os responsables como os operarios que interveñen en cada proceso deben autorizar por unanimidade a implantación de cada indicador.
- B) A relevancia: o indicador debe estar referido a un elemento significativo, tanto para quen efectúa o control como para o axente cuxa actividade é obxecto de control.
- C) A cuantificación: os parámetros aos que se refire o indicador deben ser susceptibles de medida.
- D) A consistencia: o indicador debe ser comparable consigo mesmo en distintos momentos do tempo.

24. Cal destes tamaños de arquivo ocupa máis no disco duro do ordenador?

- A) 5 Kb.
- B) 5 TB.
- C) 5 GB.
- D) 5 bytes.

25. A xestión de doadores de sangue require competencias xerais e profesionais que abarcan unha combinación de destrezas e actitudes. Todas as competencias profesionais son as seguintes:

- A) Básicas, médicas e xestión.
- B) Básicas, médicas, do comportamento e xestión.
- C) Básicas, médicas e do comportamento.
- D) Ningunha é correcta.

26. Das seguintes funcións de Excel, cal é tipo texto?

- A) Función Contar.Si.
- B) Función Atopar.
- C) Función Contar.
- D) Función Residuo.

27. O método que, mediante o uso de separadores celulares, permite a obtención selectiva dun ou máis compoñentes do sangue do doador, con devolución a este dos compoñentes non seleccionados, denomínase:

- A) Autotransfusión.
- B) Transfusión.
- C) Coagulación.
- D) Aférese.

28. En Windows 7, unha icona é:

- A) O menú que aparece cando prememos co botón dereito do rato sobre calquera elemento.
- B) Unha imaxe que representa un programa e que o executa se facemos dobre clic sobre el.
- C) A barra situada na zona inferior da pantalla, onde aparecen varios botóns e un reloxo.
- D) O nome do buscador do menú Inicio.

29. Entre as comunicacións verbal e non verbal:

- A) A súa diferenza non se reduce unicamente ás accións e ao discurso.
- B) As características máis xerais da comunicación non verbal son a súa non discrecionalidade e que non ten unha orde secuencial ou lineal.
- C) A forma analóxica conserva dous significados: o do emisor e o do receptor; e a comunicación é posible na medida en que ambos coincidan.
- D) As tres respostas son correctas.

30. O proceso de xestión dunha catástrofe para un centro de transfusión pasa por catro etapas con aspectos críticos. Que orde correcta ten o devandito proceso?

- A) Preparación, limitación, resposta e recuperación.
- B) Limitación, preparación, resposta e recuperación.
- C) Resposta, preparación, limitación e recuperación.
- D) Preparación, resposta, limitación e recuperación.

31. O correo electrónico —tamén coñecido como e-mail— é un servizo de rede que lles permite aos usuarios enviar e recibir mensaxes e arquivos rapidamente. Unha característica principal deste servizo de Internet é:

- A) Que as dúas persoas estean conectadas exactamente ao mesmo instante, é dicir, é un servizo en liña.
- B) Que as mensaxes enviadas se arquivan nunha caixa de correos para logo ser lidas polos usuarios, sen necesidade de que as dúas persoas estean conectadas ao mesmo instante.
- C) A semellanza coa mensaxería instantánea e os servizos en liña.
- D) Que por medio deste servizo podemos buscar información na web.

32. En relación coas auditorías internas de calidade, sinale a resposta incorrecta:

- A) Un dos elementos que verifican é que o realizado está en consonancia co documentado.
- B) Han ser realizadas de maneira continua, planificada e programada.
- C) Deben ser levadas a cabo por profesionais capacitados que presten os seus servizos no departamento obxecto de avaliación.
- D) Permítenlles aos responsables da empresa debater cos seus colaboradores a situación da xestión da calidade, verificar a conformidade desta situación coas disposicións previstas e adecuar todo o dispositivo de xestión ás necesidades reais para alcanzar os obxectivos establecidos.

33. No marco dos sistemas de xestión de calidade, un "proceso clave":

- A) É aquel que está ligado aos servizos que a organización presta e, polo tanto, orientados ao cliente ou usuario.
- B) É aquel que, establecido pola alta dirección, define como opera o negocio e como se crea valor para o cliente usuario e para as organizacións.
- C) É aquel que serve para consolidar todos os procesos presentes na organización.
- D) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

34. Sinale a resposta incorrecta:

- A) A confidencialidade dos datos debe ser garantida.
- B) Facilitar a información importante ao doador esixe destrezas especiais, coñecidas como destrezas de asesoramento.
- C) De acordo co principio de xustiza distributiva, o doador pode decidir sobre o destino dos compoñentes sanguíneos que se obteñan da doazón.
- D) Unha doazón pode utilizarse con fins non terapéuticos.

35. Os locais elixidos para as sesións móbiles deben cumprir, polo menos, uns criterios mínimos. Sinale a afirmación correcta:

- A) Non é necesario o acceso cómodo para os doadores.
- B) Non é necesario o acceso cómodo para o persoal.
- C) Debe cumprir con normas aceptables de hixiene e seguridade.
- D) Debe ter luz natural.

36. En Windows 7, cal das seguintes opcións non forma parte do explorador?

- A) Lista de arquivos.
- B) Menú Inicio.
- C) Panel de navegación.
- D) Barra de ferramentas.

37. Sinale a opción correcta no contexto dun conflito e o seu proceso de resolución:

- A) Os conflitos poden agravarse ou debilitarse.
- B) Cada paso leva consigo sentimentos, experiencias pasadas coas persoas e problemas implicados.
- C) Canto máis se agrava o conflito, máis se achega a situación á violencia.
- D) Todas as opcións son correctas.

38. Aproximadamente o 76 % dos centros de transfusión utiliza a axuda de voluntarios. Sinale a afirmación incorrecta:

- A) O traballo dos voluntarios non inflúe no orzamento, reducindo custos do persoal do centro.
- B) As tarefas que os centros de transfusión lles permiten realizar aos voluntarios son múltiples e de complexidade diversa.
- C) Os voluntarios non perciben ningún salario.
- D) As pequenas compensacións e os agasallos persoais, ou á organización da que forman parte os voluntarios, son a regra máis ca a excepción.

39. No ámbito dun sistema de xestión de calidade, o instrumento que presenta resultados obtidos e proporciona evidencia das actividades desempeñadas recibe o nome de:

- A) Documento.
- B) Manual.
- C) Rexistro.
- D) Proceso.

40. O primeiro banco de sangue operativo entrou en funcionamento grazas a Charles Drew, para tratar os soldados na fronte, no ano:
- A) 1940.
 - B) 1800.
 - C) 1980.
 - D) 2000.
41. Cal dos seguintes non é un navegador de Internet?
- A) Mozilla.
 - B) Opera.
 - C) Zarzuela.
 - D) Chrome.
42. Se un hospital do Servizo Galego de Saúde tivese intención de acreditar o seu servizo de subministracións nun sistema de xestión de calidade cos requisitos de ISO:
- A) Poderá acreditar esta unidade sempre que se comprometa a someter a acreditación todos os servizos administrativos do hospital nun futuro próximo.
 - B) Ao tratarse dunha unidade administrativa, para poder ser obxecto de acreditación, deberá acreditarse o hospital como organización única.
 - C) Poderá acreditarse sen máis esixencia ca o cumprimento dos requisitos establecidos pola norma.
 - D) As limitacións que se lle impoñen a unha unidade administrativa non son de aplicación a unha unidade ou servizo asistencial.
43. O márketing é un proceso utilizado para:
- A) A prevención das enfermidades do sangue.
 - B) O fomento da doazón do sangue.
 - C) A fidelización de doadores.
 - D) As opcións B e C son correctas.
44. Convén ser coidadoso á hora de abrir calquera ficheiro adxunto ou link nun correo electrónico por razóns de:
- A) Aforro.
 - B) Seguridade.
 - C) Rapidez.
 - D) Control.
45. O primeiro médico en probar, de maneira experimental, a transfusión directa de sangue dun doador a un paciente no ano 1818 foi:
- A) O xinecólogo inglés James Blundell.
 - B) O médico inglés Eduard Jenner.
 - C) O escocés Alexander Fleming.
 - D) O químico Paul Ehrlich.

46. A comunicación oral pode ser:
- A) Espontánea: xeralmente sen un plan e denota unha estrutura desordenada.
 - B) Multidireccional: aquela na que interveñen diferentes participantes que van falando por quendas, pautadas ou non.
 - C) Unidireccional: na que non hai cambio de roles e un emisor lle fala a unha audiencia que escoita.
 - D) As tres respostas son correctas.
47. Os centros de transfusión reciben axuda de voluntarios que, normalmente, participan:
- A) Na captación de doadores.
 - B) Na fidelización de doadores.
 - C) Nas actividades realizadas durante as sesións de doazón.
 - D) Todas son correctas.
48. Os bos resultados da transfusión de sangue son de principios de século XX, cando Karl Landsteiner:
- A) Crea os bancos de sangue.
 - B) Descubre os grupos sanguíneos.
 - C) Consegue doadores de sangue humanos.
 - D) Experimenta a transfusión de sangue en animais.
49. A dispersión poboacional autonómica é un factor que hai que ter en conta para o desenvolvemento das campañas de promoción da doazón, xa que Galicia ten:
- A) O 55 por 100 dos núcleos de poboación que existen en toda España.
 - B) O 50 por 100 dos núcleos de poboación que existen en toda España.
 - C) O 45 por 100 dos núcleos de poboación que existen en toda España.
 - D) O 35 por 100 dos núcleos de poboación que existen en toda España.
50. Que coordina, computa e xestiona en Galicia o REDMO?
- A) O rexistro mensual de doazóns de sangue, órganos e tecidos.
 - B) A rede de unidades móbiles de doazón.
 - C) A poboación incluída no rexistro de doadores de medula ósea.
 - D) O rexistro europeo de medidas de organización en materia de doazón de sangue, órganos e tecidos.
51. No caso dun transplante hepático, cando un paciente se atopa en "código 0", ten:
- A) Prioridade provincial, o primeiro doador que xorde é ofrecido pola organización provincial de transplantes ao equipo clínico onde se atopa o devandito receptor.
 - B) Prioridade autonómica, o primeiro doador que xorde é ofrecido pola organización autonómica de transplantes ao equipo clínico onde se atopa o devandito receptor.
 - C) Prioridade nacional, o primeiro doador que xorde é ofrecido pola organización nacional de transplantes ao equipo clínico onde se atopa o devandito receptor.
 - D) Prioridade internacional, o primeiro doador que xorde é ofrecido pola organización internacional de transplantes ao equipo clínico onde se atopa o devandito receptor.

52. Das seguintes, sinale que proba de verificación non é necesaria na doazón de sangue total cando o compoñente sanguíneo sexa o plasma destinado unicamente a fraccionamento:

- A) Determinación grupo sanguíneo ABO.
- B) Hepatite C.
- C) Sífilis.
- D) VIH I/II.

53. En castelán o acrónimo ISO obedece á expresión:

- A) Organización Internacional de Normalización.
- B) Organización Internacional de Acreditación.
- C) Organización Nacional de Normalización.
- D) Organización Nacional de Acreditación.

54. Cantos tipos principais de local de extracción/doazón hai?

- A) Un (local fixo).
- B) Dous (local fixo, local móbil).
- C) Tres (local fixo, local móbil, local instalado en vehículos móbiles).
- D) Catro (local fixo, local móbil, local instalado en vehículos móbiles, local provisional de coordinación de doazón).

55. A xestión de doadores de sangue require de información e coñecementos das seguintes disciplinas:

- A) Ciencias médicas, socioloxía, psicoloxía, ciencias biomédicas, tecnoloxías da información e ciencias da organización.
- B) Ciencias médicas, socioloxía, psicoloxía, ciencias biomédicas, ciencias da comunicación e ciencias da organización.
- C) Ciencias médicas, psicoloxía, ciencias biomédicas, ciencias da comunicación e ciencias da organización.
- D) Ningunha é correcta.

56. A política e as decisións éticas en materia de xestión de doadores non se basean:

- A) No respecto polas persoas e a súa autonomía.
- B) Na protección dos dereitos e benestar individuais.
- C) En consideracións comerciais.
- D) No principio hipocrático "primum non nocere" (ante todo, non facer dano).

57. En Word, como se marca un parágrafo?

- A) Facendo dobre clic en calquera lugar do parágrafo.
- B) Facendo triplo clic en calquera lugar do parágrafo.
- C) En Edición -> Seleccionar parágrafo.
- D) En Axuda -> Seleccionar parágrafo.

58. A Norma ISO 9001:2008 representa un modelo:

- A) Prescritivo: propón uns estándares de obrigado cumprimento para a obtención da acreditación; non obstante, non é un modelo normativo.
- B) Normativo e prescritivo: propón unha serie de requisitos de cuxo cumprimento se obtén un certificado concedido por unha empresa externa acreditada para iso.
- C) Non é un modelo normativo nin prescritivo: límitase a dar recomendacións para que a empresa mellore o seu funcionamento.
- D) Flexible: cada empresa ou organización pode establecer as súas propias normas de calidade que, aínda sen respectar as da serie ISO, poden outorgarlle a acreditación.

59. A aplicación dos bos principios de boa xestión de recursos humanos aos empregados cumpre varios fins:

- A) Permitir o aproveitamento e o desenvolvemento óptimos dos coñecementos e destrezas dos empregados.
- B) Fomentar os métodos de traballo eficientes, a produtividade elevada, o compromiso e a satisfacción dos empregados.
- C) Contribuír a reducir as baixas por enfermidade e a rotación de persoal.
- D) Todas son correctas.

60. O persoal directivo, ademais das destrezas xerais, necesita outras especiais que se citan a continuación (sinale a opción que cita todas as destrezas necesarias):

- A) Destrezas de planificación, coñecementos de informática, destrezas organizativas, de comunicación e destrezas analíticas.
- B) Destrezas de planificación, coñecementos de informática, destrezas organizativas, de comunicación, destrezas lingüísticas e destrezas analíticas.
- C) Destrezas de planificación, destrezas organizativas, de comunicación, destrezas lingüísticas e destrezas analíticas.
- D) Destrezas organizativas, de comunicación, destrezas lingüísticas e destrezas analíticas.

61. Dentro das actividades realizadas durante a doazón, os voluntarios non se encargan:

- A) Dos refrixerios.
- B) De tarefas administrativas.
- C) De aplicar aditivos ás mostras, para evitar a súa deterioración.
- D) Da atención despois da doazón.

62. O manual de calidade, de acordo coa Norma ISO 9001:2008, debe incluír, entre outros elementos:

- A) Os procedementos documentados establecidos para o sistema de xestión da calidade ou referencia a eles.
- B) Unha relación exhaustiva dos indicadores.
- C) Unha relación de todos os membros da organización que participan en cada proceso.
- D) Unha relación de todos os traballadores ou operarios que participan en cada proceso, e sinalar o responsable deste.

63. Cal é o requisito máis importante nun sistema informatizado para os responsables das colectas?

- A) Que teña unha conexión en rede de información co resto de centros de transfusión.
- B) Que sexa un sistema sólido de rexistro de datos persoais que cumpra as normas de confidencialidade vixentes.
- C) Que simplifique o proceso de doazón con base no seu sistema operativo de codificación de actividade no centro de transfusión.
- D) Que permita a xestión de recuperación da información en caso de colapso de número de doadores.

64. En Windows 7, para seleccionar elementos non consecutivos podemos seleccionalos se prememos a tecla:

- A) Maiúsculas (Shift).
- B) Ctrl.
- C) Windows.
- D) Alt.

65. Garantiráselles aos doadores de sangue a confidencialidade de toda a información facilitada ao persoal autorizado relacionada coa súa saúde, dos resultados das análises das súas doazóns, así como da rastrexabilidade futura da súa doazón, de acordo:

- A) Coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- B) Coa Lei orgánica 15/1998, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- C) Co Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 994/1999, do 11 de xuño.
- D) Co Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 994/1998, do 11 de xuño.

66. No ámbito da seguridade informática, a condición que garante que a información é creada, modificada e borrada exclusivamente polo persoal autorizado denomínase:

- A) Disponibilidade.
- B) Autenticación.
- C) Confidencialidade.
- D) Integridade.

67. Salvo circunstancias excepcionais e a discreción do médico, unha muller que dese a luz non poderá doar sangue:

- A) Ata 45 días despois do parto.
- B) Ata 3 meses despois do parto.
- C) Ata 6 meses despois o parto.
- D) Ata 9 meses despois do parto.

68. As sesións móbiles poden organizarse en diversos lugares:
- A) Mercados e centros comerciais.
 - B) Parques empresariais, empresas, universidades e escolas.
 - C) Igrexas e hoteis.
 - D) Todos os lugares anteriores son válidos para efectuar sesións móbiles.
69. A teor do establecido no Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións mínimas da hemodoazón e dos centros e servizos de transfusión:
- A) O plasma para uso transfusional será sometido a corentena ou a técnicas de inactivación viral debidamente autorizadas.
 - B) O plasma para uso transfusional será sometido a corentena e a técnicas de inactivación viral debidamente autorizadas.
 - C) O plasma para uso transfusional, logo de ser sometido a corentena ou a técnicas de inactivación viral debidamente autorizadas, non terá por que adecuarse a criterios de eficacia contrastada.
 - D) Considerarase que, como consecuencia dos procesos de selección aos que se someten os doadores, que garanten a inocuidade e calidade do sangue extraído, ao plasma para uso transfusional non se lle esixe ningún control.
70. No marco dos sistemas de xestión de calidade, coñécese como "mapa de procesos":
- A) Un plano escalado das seccións operativas da empresa ou organización.
 - B) Un plano escalado de toda a empresa ou organización.
 - C) Un diagrama de valor, un inventario gráfico dos procesos da organización.
 - D) Un plano escalado de toda a organización que inclúa un repertorio exhaustivo de disposicións normativas que afecten ao seu funcionamento.
71. O labor da Unidade de Promoción da Doazón comezaba en Galicia no ano:
- A) 1995.
 - B) 1994.
 - C) 1993.
 - D) 1992.
72. Se falamos de Internet, cal é o proceso polo cal a información é transferida dun servidor a un PC?
- A) Cookies.
 - B) Upload.
 - C) Download.
 - D) Sándwich.
73. Que principio da seguridade informática incumpre o feito de que o servidor web deixe de funcionar debido a un ataque de denegación de servizo?
- A) Dispoñibilidade.
 - B) Integridade.
 - C) Confidencialidade.
 - D) Encriptación.

74. No proceso de xestión de doadores interveñen varios empregos cuns postos de traballo habituais. Sinale o incorrecto:

- A) Persoal de enfermería.
- B) Voluntarios responsables de aspectos clínicos ou da consulta con pacientes.
- C) Médicos responsables dos doadores.
- D) Persoal de comunicación, márketing e relacións públicas.

75. O Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, recolle, no seu artigo 2, que o seu ámbito de aplicación será:

- A) A extracción e verificación do sangue humano ou os seus compoñentes, sexa cal for o seu destino. O tratamento, almacenamento e distribución do sangue humano ou os seus compoñentes, cando o destino sexa a transfusión. A autotransfusión. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto as células proxenitoras, así como o tratamento industrial do sangue e os seus derivados, os produtos farmacéuticos e especialidades farmacéuticas resultantes deste, que se rexerán pola súa lexislación específica.
- B) A extracción e verificación do sangue humano ou dos seus compoñentes, sempre que o seu destino sexa o seu almacenamento.
- C) En exclusiva, o tratamento e distribución do sangue humano ou dos seus compoñentes cando o destino sexa a transfusión.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

76. Que é o "login" nun sistema de información?

- A) É un contrasinal específico para dispositivos móbiles.
- B) É unha clave de acceso, que permite identificar o usuario dun servizo.
- C) É un usuario que unicamente serve para facer operacións bancarias.
- D) É o enderezo de correo dun usuario.

77. O principio de seguridade informática que se refire á validez e consistencia dos elementos de información almacenados e procesados nun sistema informático é:

- A) Rastrexabilidade.
- B) Dispoñibilidade.
- C) Confidencialidade.
- D) Integridade.

78. En Windows 7, as barras de desprazamento:

- A) Poden estar en horizontal ou en vertical.
- B) Permiten desprazarse a través do contido da ventá, para poder velo na súa totalidade.
- C) Están activas cando o contido non cabe na ventá.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

79. Cal é o proceso que se segue para enmascarar os datos, co obxectivo de que sexan incomprendibles para calquera axente non autorizado?

- A) Empaquetamento.
- B) Encriptación.
- C) Devasa.
- D) Participación.

80. Atendendo á afirmación de que "o proceso de xestión de doadores engloba diversas tarefas que deben ser repartidas entre os distintos postos de traballo", sinala cal das afirmacións que se citan a continuación é correcta:

- A) Cada posto e cada empregado debe contar cunha descrición actualizada do posto de traballo, que recolla claramente as súas obrigacións e responsabilidades.
- B) Recoméndase elaborar un organigrama que recolla a estrutura xerárquica da organización e liñas de responsabilidade.
- C) Os empregados no proceso de xestión de doadores poden realizar diferentes tarefas, indistintamente, sen a súa asignación e planificación previas.
- D) A e B son correctas.

81. En Windows 7, que utilidade ten a Papeleira de reciclaxe?

- A) Almacenar só os arquivos para despois eliminalos todos dunha vez.
- B) Almacena arquivos e cartafolios que foron eliminados para poder recuperalos posteriormente, unicamente no seu lugar de orixe.
- C) Almacena arquivos e cartafolios que foron eliminados, para que non ocupen espazo no noso disco duro.
- D) Almacena arquivos e cartafolios que foron eliminados para poder recuperalos posteriormente onde queiramos.

82. A Norma internacional ISO 9001:2008:

- A) Inclúe requisitos específicos doutros sistemas de xestión, en concreto, aqueles particulares para a xestión da seguridade e saúde ocupacional.
- B) Inclúe requisitos específicos doutros sistemas de xestión, en concreto, aqueles particulares para a xestión medioambiental.
- C) Non inclúe requisitos específicos doutros sistemas de xestión, tales como aqueles particulares para a xestión da seguridade e saúde ocupacional ou para a xestión ambiental.
- D) Son correctas as respostas A e B.

83. Evitar incorporar datas de nacemento, nomes propios, nomes dos fillos ou cónxuxes é fundamental para:

- A) Lembrar facilmente os contrasinais.
- B) Usar contrasinais longos.
- C) Ter contrasinais seguros.
- D) Ter contrasinais curtos.

84. Dos seguintes elementos, sinala aqueles cuxa presenza non se esixe nunha "ficha de procesos".

- A) A misión ou obxectivo do proceso, é dicir, o fin último para o cal está deseñado.
- B) El responsable ou persoa da unidade ou servizo que ten a responsabilidade sobre a correcta execución do proceso.
- C) O nome do proceso, a denominación pola cal o proceso será identificado.
- D) O período de tempo no que o proceso mantén a súa vixencia.

85. Un obxectivo do márketing aplicado ao campo da doazón de sangue é:
- A) A venda dun produto.
 - B) A oferta dun produto.
 - C) A venda de bos sentimentos aos doadores.
 - D) A compra dun produto.
86. Atendendo á afirmación de "o primeiro é a elección correcta do medio de comunicación, por diante do contido da mensaxe", sinala a afirmación incorrecta:
- A) Moitos centros de transfusión utilizan estratexias de captación orientadas á mocidade, en particular ao alumnado de instituto.
 - B) Os doadores potenciais de idade avanzada adoptan as novas tecnoloxías con maior frecuencia e máis facilmente.
 - C) Os medios de comunicación convencionais funcionan mellor con doadores potenciais de idade máis avanzada.
 - D) O 88 % dos centros de transfusión europeos diferencia entre medios de comunicación para mocidade e medios para as xeracións antigas.
87. Na maior parte das campañas de doazón, o éxito mídese unicamente:
- A) Polo número de voluntarios que participan.
 - B) Polas mostras extraídas.
 - C) Polo número de novos doadores rexistrados, independentemente dos custos.
 - D) Polos custos.
88. A documentación dun sistema de xestión de calidade, de acordo coa Norma ISO 9001:2008, debe incluír, entre outros elementos:
- A) Os procedementos documentados e os rexistros requiridos pola norma.
 - B) A vontade expresa dos órganos da dirección de impulsar e manter o sistema.
 - C) A descrición pormenorizada dos produtos e/ou servizos cuxa fabricación constitúa o obxecto social da organización.
 - D) As respostas A e C son correctas.
89. En Windows 7, se prememos a tecla Maiúsculas (Shift) cando estamos a eliminar un elemento;
- A) Borrarao definitivamente no canto de movelo á Papeleira de reciclaxe se se trata dun arquivo pero non no caso dos cartafol.
 - B) Borrarao definitivamente no canto de movelo á Papeleira de reciclaxe se se trata dun cartafol pero non no caso dos arquivos.
 - C) Borrarao definitivamente no canto de movelo á Papeleira de reciclaxe.
 - D) Non fará nada.
90. Os indicadores dunha organización acreditada cun sistema de xestión de calidade:
- A) Deberán medir directamente o grao de eficiencia ou o impacto directo sobre o cliente ou usuario.
 - B) Deben valorar aspectos relacionados coas actividades.
 - C) Cada indicador deberá definirse cunha ficha.
 - D) Todas as respostas son correctas.

91. Cal sería o termo máis adecuado para a seguinte definición: "Programa informático mal intencionado, que restrinxe o acceso a determinadas partes ou arquivos do sistema infectado e pide un rescate a cambio de quitar esa restrición":
- A) Antivirus.
 - B) Ransomware.
 - C) Barrotes.
 - D) Hacker.
92. En Word, mediante o interliñado, que controlamos?
- A) A distancia da primeira liña.
 - B) A distancia entre parágrafos.
 - C) A distancia entre liñas dun mesmo parágrafo.
 - D) A separación entre caracteres.
93. O gran crecemento na actividade asistencial xustifica máis o obxectivo de continuar incrementando as campañas de participación dentro da taxa que recomenda a Organización Mundial da Saúde, que é de:
- A) 30 a 50 doazóns por cada 1000 habitantes e ano.
 - B) 40 a 60 doazóns por cada 1000 habitantes e ano.
 - C) 50 a 70 doazóns por cada 1000 habitantes e ano.
 - D) 60 a 80 doazóns por cada 1000 habitantes e ano.
94. Que non debe facer se a policía "bloquea" o seu ordenador por acceder a contidos ilegais de Internet e lle reclama 200 € para desbloquealo?
- A) Pagar a multa dos 200 €, xa que é a policía e é a única forma de desbloquear o equipo.
 - B) Formatar o computador e reinstalalo.
 - C) Comunicalo á policía.
 - D) Consultar a situación con algún soporte informático para informarse do problema e saber como proceder.
95. Sinale que desprazamentos non efectúan as unidades móbiles de doazón en Galicia:
- A) A empresas de ámbito público e privado das catro provincias galegas.
 - B) A confrarías de pescadores.
 - C) A parroquias e barrios de grandes cidades.
 - D) A acuartelamentos do Ministerio de Defensa.
96. A comunicación non verbal é:
- A) O proceso de comunicación no que existe un envío e recepción de mensaxes sen palabras —mediante indicios, xestos e signos— no que hai unha estrutura sintáctica.
 - B) O proceso de comunicación no que existe un envío e recepción de mensaxes sen palabras —mediante indicios, xestos e signos— no que non hai unha estrutura sintáctica.
 - C) O proceso de comunicación que conta cunha estrutura lingüística ou sintáctica.
 - D) Ningunha resposta é correcta.

- 97.** Que significa WWW se falamos de Internet?
- A) World Wide Web.
 - B) World World World.
 - C) Web Write World.
 - D) Word Web Wide.
- 98.** As formas non verbais de comunicación entre os seres vivos:
- A) Inclúen sons, xestos e imaxes.
 - B) Inclúen luces, imaxes, sons, xestos e cores.
 - C) Inclúen sinais e medios técnicos visuais.
 - D) Realízanse a través de signos orais e de forma xestual.
- 99.** De acordo co documento onde se recollen os requisitos da Norma ISO 9001:2008, o deseño e implantación do sistema de xestión de calidade nunha organización está influenciado, entre outros elementos:
- A) Polas súas necesidades cambiantes.
 - B) Polos seus obxectivos particulares.
 - C) Polo seu tamaño e pola estrutura da organización.
 - D) Todas as respostas son correctas.
- 100.** De acordo co establecido no Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións mínimas da hemodoazón e dos centros e servizos de transfusión, a negativa absoluta a facilitar información ou a prestar colaboración aos servizos de control e inspección terá a consideración de:
- A) Infracción leve, sen merecemento de sanción.
 - B) Infracción leve que suporá a consecuenta sanción.
 - C) Infracción grave.
 - D) Infracción moi grave.
- 101.** Cal das seguintes opcións non é unha vista do explorador de arquivos?
- A) Iconas grandes.
 - B) Descendente.
 - C) Iconas medianas.
 - D) Detalles.
- 102.** Se no explorador de Windows 7 temos seleccionado un arquivo ou un cartafol e prememos F2, que sucede?
- A) Podemos cambiar o nome do arquivo ou cartafol.
 - B) Borraremos o arquivo ou cartafol.
 - C) Sáenos un menú contextual onde poderemos, entre outras opcións, copiar e pegar.
 - D) Descomprimos o arquivo ou cartafol.
- 103.** Os medios de comunicación divídense, de forma xeral, en tres grandes grupos:
- A) Analóxicos, dixitais e masivos.
 - B) Masivos, auxiliares e alternativos.
 - C) Auxiliares, analóxicos e dixitais.
 - D) Dixitais, masivos e auxiliares.

104. Que tipo de habilidade de comunicación é o ton de voz?

- A) Habilidade verbal.
- B) Habilidade sónica.
- C) Habilidade non verbal.
- D) Habilidade xestual.

105. Para os efectos do establecido no Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións mínimas da hemodoazón e dos centros e servizos de transfusión, non ten consideración de compoñente plasmático:

- A) Crioprecipitado.
- B) Plasma mantido en corentena.
- C) Unidade de plaquetas recuperadas.
- D) Plasma pobre en crioprecipitado.

106. De acordo co establecido no Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións mínimas da hemodoazón e dos centros e servizos de transfusión, sinala das seguintes infraccións cal ten a consideración de moi grave:

- A) O incumprimento do establecido en relación coa información e atención ao doador.
- B) A elaboración e subministración de sangue e compoñentes sanguíneos en condicións deficientes que afecten á súa seguridade e calidade e que ocasionen dano grave.
- C) A extracción de sangue a persoas que non reúnan as condicións e requisitos mínimos de seguridade.
- D) Son correctas as respostas B e C.

107. As etapas de que consta o "ciclo de Deming" son:

- A) Planificar-Facer-Comprobar-Determinar.
- B) Planificar-Facer-Corrixir-Determinar.
- C) Planificar-Analizar-Corrixir-Actuar.
- D) Planificar-Facer-Comprobar-Actuar.

108. Que son os SPAM?

- A) Son mensaxes non solicitadas, non desexadas ou de remitentes non coñecidos.
- B) Son mensaxes de remitentes coñecidos con avisos de publicidade.
- C) É unha sigla en inglés que significa Sistema de Alerta Mensaxe Publicidade.
- D) É un motor de procura de Internet.

109. Cal destes sistemas operativos é máis antigo ca Windows 7?

- A) Windows 10.
- B) Windows 8.1 .
- C) Windows 8.
- D) Windows XP.

110. No marco dos sistemas de xestión de calidade, coñécese como "proceso":

- A)** A forma específica de levar a cabo a acción empresarial co propósito de producir, coa maior calidade posible, aquel produto ou servizo que constitúe o seu obxecto social.
- B)** O conxunto de actividades e recursos interrelacionados que transforman os inputs en elementos de saída con achega de valor engadido para o cliente ou usuario.
- C)** As instrucións xeradas polos órganos directivos e que os empregados deben cumprir para alcanzar a excelencia da organización.
- D)** É o resultado da acción fabril da empresa.